


DÉCIMO XUNIO BRUTO, O GALEGO

Etiquetas: Add new tag, Esquecemento, Lethes, Brutus, Xinzo, olvido, Valentia, Limia, Decimo Decio Decius Xunio Xuño Junius Bruto Brutus Xinzo Ginzo Limia Esquecemento Valencia Valentia Limia Lima.



Décimo Junio Brutus Callaicus.

Museo Vaticano, Roma

Carlos Gómez S.

Xinzo de Limia Xuño 2008

O COGNOMEN BRUTUS

Lucius Xunius Brutus

Brutus, foi o cognomen romano mais antigo, de unha das familias plebeas da Gens[1] Xunia, cuxos descendentes remóntanse o primeiro cónsul, Lucius Xunius Brutus [2]. Existiu certa controversia na antigüidade sobre a verdadeira orixe dos Xunios, xa que había quen dubidaba que puideran provir do primeiro cónsul, posto que Lucius Xunius era de familia patricia[3], e, por outra banda non deixara descendencia a súa morte, despois de que mandara, el mesmo, executar os seus dous únicos fillos[4] por tentar restaura-la monarquía Tarquinia.



Posidonius, foi dos autores que defendeu, que Lucius Xunios, tivera un terceiro fillo, que aínda sería cativo cando o cónsul ordeara executar os seus irmas, afirmando que a familia Xunia descendía de este. De feito, Poseidonius, aínda vai mais aló, pretendendo descubrir semellanzas físicas dos brutos, cos da estatua do primeiro cónsul.[5]

Esta hipótese, do terceiro fillo, deveu ser unha invención interesada, pero non por elo e descartable que a familia, realmente descenda do primeiro cónsul; aínda, tendo por certo, que este fora un patricio.

Sábese que os patricios, en algunhas ocasións, proviñan dos plebeos: mentres sigue pendente de resolver este tema, aínda chega a ser mais probable a descendencia, si aceptamos a conxectura de Niebuhr[6] que afirmou que o primeiro cónsul foi un plebeo, e que o consulado foi a primeira institución compartida entre as dúas ordes.

O apelido de Brutus dise popularmente, que se lle deu a Lucius Xunius, porque simulou estar tolo para poder conspirar contra o último rei de Roma, da súa propia estirpe Tarquinia; é a palabra supostamente, concordaría con esta hipótese, por significar "idiota"[7]. Festus, nembargante, na pasaxe (s.v. Brutum) que foi citado por Arnold[8], di que Brutus no latín antigo foi sinónimo de gravis. Podendo esta palabra, xa que logo, como apelido, ter sido orixinariamente sinónimo de Severus.

Esta teoría semella ser a mais probable, aínda que non concorde coa de Nieburg que mantén que Bruto significaría "escravo fuxido" relacioandoa con Brettii, que ven a significar "revolta de escravos" de onde evolucionaría a Brutii e de aí a Brutus[9]. Pero Nieburg, aínda vai mais aló, mantendo que este nome, pode ser que fora aplicado polos Tarquinos o fundador da república Romana -o primeiro Brutus-, como término da reprobación[10], por traizoar a monarquía.

DECIMUS XUNIUS BRUTUS, CALLAICUS (CALLAECUS) ou GALLAECUS:

Da data do seu nacemento e morte, non se sabe nada con seguridade, pero analizando as datas



de referencia que coñecemos pola historiografía, encadrándoas cos acontecementos da época e cos datos de personaxes contemporáneos e dos seus propios familiares, podemos establecer de xeito bastante probable, que naceu aproximadamente no ano 180 a. Xto. e morreu o redor do 120 a. Xto. Cando contaba os 60 anos de idade. Xa que logo, tiña o redor de 42 anos, cando pasou o río Lethes, no 138 a.Xto.

Brutus Callaicus, foi o fillo menor de Marcus Xunius Brutus, cónsul no ano 178 a.Xto.

E irmo, de outro Marcus Xunius Brutus, un importante xurista romano, o que se refire Pomponius [11], como un dos tres fundadores do Dereito Civil Romano[12].

Pertencía a unha familia aristócrata, de tradición culta, que o educaron na carreira militar, sen descoidar as humanidades e as artes[13]; Abonda lembrar que sendo adulto, foi mecenas, e protector do poeta Luccius Atius, o que me referirei mais adiante.

Existen tamén algunhas dúbidas, sobre o nome da súa dona, pero, con certas reservas, podemos deducir das fontes antigas, que casou, sendo xa maior, os 50 anos, con Clodia ou Claudia Pulcher, filla de Gaio Claudio Pulcher; nada aproximadamente no 167 a.Xto.

Esta muller xa estivera casada, en primeiras nupcias, con Publio Licinio Craso Dives Muciano.

Do seu matrimonio con Bruto, temos noticia cando menos de tres fillos, Licinia[14], que casou con Caio Sempronio Graco[15], -un dos seus mais enconados adversarios políticos-, Xulia[16], e Décimus Iunius Brutus, que casou con Sempronia Tuditania. Deste ultimo matrimonio naceu Décimo Xunio Bruto Albinus, que foi, o terceiro segundo Nicolás de Damasco, en apuñalar a Craso Xulio Caesar[17], aínda que probablemente non participara, no asasinato pero si na conxura, inducido polo seu parente Marcus Xunius Brutus[18] da Gens Xunia e fillo adoptivo do propio Cesar.

Bruto, foi contemporáneo dos Gracos[19], é un dos xenerais mais populares e celebrados do seu tempo, distinguiuse pola forte oposición que mantivo cos Tribunos da Plebe:

Desta época coñecemos que nunha ocasión, rexeitou debater no senado un asunto para mercar cereais coa finalidade de repartírllelos o pobo; e outra vez, cando os Tribunos pretendían ter a potestade para eximir, cada un deles, a dez persoas, das recadacións militares, el e os seus colegas, rexeitaron permitirlles tal privilexio, sendo como consecuencia deste feito, presos e postos na cadea por orden da Tribuna C. Curiatius[20].

A pesares do enfrontamento cos Gracos, curiosamente, como xa dixen con anterioridade, a súa filla Licinia casou co seu inimigo Caio Sempronio Graco[21] irmán mais novo de Tiberio, sendo probablemente a súa primeira muller.

Brutus Callaicus no decurso da súa carreira política, desempeñou distintos cargos, algúns deles de importancia: Foi Pretor[22] no ano 141 a. Xto. organizando daquela, os xogos apollinares[23] , tan só dous anos mais tarde, no 139 a.Xto. foi nomeado cónsul[24] da Hispania Ulterior, consulado que compartiu con Publio Cornelio Scipion Nasica[25], que, a súa vez, era cónsul da Citerior, permanecendo ámbolos dous, como era preceptivo, un ano no cargo.

Durante os anos 137 e 136 a. Xto. foi nomeado Proconsul[26] da Hispania Ulterior. Etapa que se corresponde co paso do Río Lethes.

Hai algúns autores que o poñen na Lusitania xunto con Caio Mario no ano 113 a. Xto., sendo imposible que sexa certo, porque nesta época, xa estaría morto.

Finalmente, foi nomeado Augur[27] dende o 130 a. Xto. ata a súa morte no ano 120 a.Xto.

O feito militar mais salientable, e polo que se lle coñece fundamentalmente, foi por liderar as lexións romanas na campaña de persecución dos últimos redutos do "exercito de Viriato" que levou, despois de un duro castigo os indíxenas rebeldes, a pacificación da Lusitania, -particularmente o norte de Portugal e a actual Galicia-.



CAMPAÑAS MILITARES:

A campaña de Q. Servilio Cepión contra Viriato no 139 a.Xto. supuxo o primeiro enfrontamento entre romanos e galaicos, Apiano[28] di, que Cepión volveuse contra vetons e galaicos, arrasando os seus campos. Nembargante, vai a ser Décimo Xunio Bruto, o seu sucesor, quen dirixa a primeira expedición oficial contra o noroeste. E, de seguro, que o obxectivo final, non era outro que pacificar, ou mellor aínda, colonizar, despois da morte de Viriato, a Lusitania. Aquela terra do Noroeste Hispánico practicamente descoñecida para Roma.

P. Vitatela[29] relata como (...) Bruto penetrou nun mundo descoñecido: húmido, chuvioso, oceánico, ben poboado por xentes das que apenas se escoitara falar[30] . Os seus soldados, penetraron por un

sincretismo de tradicións clásicas e hispánicas, chegando a amosarse supersticiosos e indecisos: Falábase dunha lenda, a do río do Esquecemento[31], que bordeaba o reino do Fades, desprazada dende Grecia ata este confín do mundo, asolagado por un grande anel de auga, o río océano, que rodeaba a ecúmene. Aquí, o sol chirriaba o agocharse baixo as augas[32] sentindo os soldados que cometían sacrilexio, con so ollar ese portento (...).

Tódolos autores, e ningún contemporáneo do Cónsul , senón a moitos anos de distancia, refírense simplemente a Lusitania para falar da súa campaña, a explicación, haina que buscar en que nos tempos de Bruto, a palabra Gallaecia non se usaba co alcance que acadou anos mas tarde, tal e como a refire Floro[33] . Os estudosos contemporaneos sospeitan, segundo L. P. Vilatela[34] que (...) Floro reinterpretou os datos , introducindo a voz Callaecia en vez de Callaeci, pois na época de Floro, era un corónimo corrente, aínda que debe descartarse que na súa época Gallaecia fora xa provincia romana como pretende Rodríguez Colmenero. Pois Floro debe ser datado na época de Adriano, aínda que algúns estudosos, sen precisar tanto, concordan en que data do S. II d. Xto.

Neste senso, foron sen dubida os Callaeci, o grupo xerador de corónimo Callaecia [35], buscándose os galaicos estritos, principalmente na zona de Montalegre[36], perto da serra do Larouco. Corroborando esta teoría L. Vitatela, cree que se atopaban por esta zona, perto dos Limici, posto que en Santa María de Mixos, no val de Monterrey, xunto a serra do Larouco, atopouse un epígrafe, do que se da a lectura de:[37] Bandue/ Calaico/ Terentia/ Rufina/ v.l.m. (S.) aceptada por Blázquez e Albertos[38] aínda que non e o único lugar da península ibérica onde aparecen grupos con nome similar, por non dicir idéntico (...).

Como subliñou N. Santos, «non resulta raro que aparezan nomeados os galaicos nun documento que describe a guerra dos lusitanos contra os romanos, posto que o pobo galaico, si non como confederación tribal ou unidade xentilicia superior, cando menos algunhas das súas unidades menores uniríanse co fin de apoiar as poboacións veciñas na súa loita contra os exércitos romanos, e máis aínda si temos en conta a constante ameaza que supuña o desenrolo de acontecementos bélicos con carácter anexionista nun territorio limítrofe[39]». Sendo tamén a partires desta data, cando os círculos senatoriais comezaron a recibir información fiable e directa sobre o mundo castrexo.

No tocante a campaña, varios son os autores clásicos que fan referencia a ela, aínda que algo de pasada; Para acadar unha narración polo miúdo do que sucedeu, debemos ler e interpretar en conxunto o que escribiron Estrabón[40], Apiano[41], Tito Livio[42], Orosio[43], Xerome[44]. Frontinus[45], e Plinio[46].

Concretamente Apiano[47], di que rematadas as guerras contra Viriato, comezan as de Bruto, que van dirixidas contra as "bandas de ladróns" que a imitación de Viriato, recorrían a Lusitania, unha (...) unha vasta rexión percorrida polos ríos Tagos e Lethes, Dorius e Baitis (...) "[48]; E dicir, as operacións de Bruto, foron dirixidas dende o Baitis ata o Nimis[49]. É importante facer notar, que non se coñecen operacións de Bruto o sur do Texo, podéndose supoñer, xa que logo, que o campo de operacións nesta campaña, foi todo o territorio entre o Texo e o Miño; no que, de certo, a enorme mobilidade dos Lusitanos (e Galaicos) facía moi difícil, por non dicir imposible, a súa persecución.

Determinado o teatro de operacións, podemos afirmar tamén, que o avance de Bruto por estas terras, foi o maior na conquista de Hispana, dende Escipion o Maior, e so se pode explicar dende unha decidida vontade de conquista que radicaba no senado e da que Bruto soupose impregnar.[50]

Poñendo os datos dos que dispomos na actualidade en orde, tentaremos de reconstruír a campaña de Bruto:

O mais probable, e que Bruto, chegara a Olissipo, per loca marítima, desde calquera dos portos de Iberia xa que, terminadas as guerras púnicas, tiñan o control absoluto do mediterráneo. Facelo por terra, sería moito mais canso, lento e perigoso; Despois de ter fortificado Olissipo[51] como cartel xeral e base de aprovisionamento, continuou navegando o río Texo[52], ata Moron, dende onde partiu a pé, cecas, na zona de Santarem ou Alpiarga, xa ben metidos no interior do actual Portugal. E dende alí, adiantouse a traveso das terras de Lusitania[53] fortificando as prazas polo centro de Portugal[54], continuando cara o norte[55], e facendo acopio de víveres no camiño[56] ata chegar o río Miño, na terra dos Bracaros, despois de pasar o río do Esquecemento -o temido Lethes ou Flumen Oblivionis para os romanos-.

Durante o avance de Bruto, os enfrontamentos deberon ser esporádicos, aínda que devastadores, xa que o Proconsul, decide non plantar cara a uns indíxenas que empelaban tácticas de guerra próximas a guerrilla, movéndose "coa velocidade propia dos bandidos"[57]. Así, prefire atacar os seus núcleos de poboación, para que as forzas inimigas se dispersaran, tentando provocar a volta a casa dos guerreiros, vendo atacado o seu poboado. A defensa que os indíxenas fixeron fronte os romanos foi máis aló do convencional, conscientes posiblemente, de que a vitoria do invasor suporía, non so o seu fin como homes libres individual e colectivamente, senón tamén o final, de seu, da súa identidade cultural como pobo, a xulgar pola mestura de clans ou civitas que se xunquiron fronte os romanos na Lusitania. Por iso non é de estrañar, que os romanos tiveran que enfrontarse, a homes e tamén a mulleres armadas, que, en moitos casos, prefiren suicidarse e matar os seus fillos, antes que caer en mans dos romanos. Animados por un desexo intenso de liberdade e independencia, estes guerreiros, tiveron una efectividade prodixiosa, pois

como escribe Cicerón[58], aludindo as baixas terribles que os celtiberos causaban nas lexións, "Loitouse non só pola vitoria, senón pola existencia".

As acometidas dos indíxenas, debían ser temidas polos romanos pois lanzábanse, os guerreiros o combate correndo, empuñando as armas, sacudindo as largas cabeleiras que a propósito levaban soltas[59], berrando e entoando cánticos guerreiros[60], considerados o oído dos romanos como bárbaro aturuxar[61]. As mesmas tribos indíxenas aterrorizábanse as veces co berro de guerra de outras tribos rivais, como lles sucedeu os suesetanos, aliados de Catón no ano 195 a.Xto, contra os lacetanos[62]. Tamén facían ondear os estandartes e as enxeñas militares que os distinguían[63].

Unha proba desta actitude fronte os romanos, dánola Valerio Máximo[64], cando fala da guerra de Bruto: "...e téndoa xa case que toda ela conquistada, soamente restáballe entre aquela xente, una Cidade chamada Cinninia, ou Cinania, que se resistía con tanta folgo, que decidiu o Procónsul, amañarse con ela, ofrecéndolle deixala ceibe si se redimía pagándolle un tributo. De feito, envioulle los seus Legados con aquela proposta, à que os Cidadáns responderon taxantemente: Que os seus maiores, deixaranlles ferro con que defende-la Cidade, non ouro con que merca-la liberdade de un emperador cobizoso (...). Sentenza, di Valerio, que sen dubida tivera sido mellor nos beizos dos romanos, que nos seus ouvidos.

Outro fito importante, foi a chegada o Douro das lexións de Bruto, onde segundo Orosio[65], ten lugar unha colosal batalla contra os brácaros, na que estes sofren unha enorme derrota con moitas baixas. Orosio fala de 50.000 mortos e 6.000 prisioneiros, dunha forza total de 60.000 Lusitanos aínda que estas cifras sexan certamente unha esaxeración, pódennos dar unha idea da crueza e magnitude do enfrontamento.

A historiografía contemporánea non se da posto de acorde sobre o lugar, no que se produzo esta batalla, nin tampouco á hora de situala cronoloxicamente. Para Torres Rodríguez[66], tería lugar nos primeiros momentos da campaña. Pero Tranoy[67], botando mao do texto de Apiano, cree que foi o voltar e que foron precisamente, os ataques que sufrían as súas guarnicións na retagarda, o motivo da súa volta [68]. No que si concordan os investigadores, e na data desta batalla, que segundo tódolos datos, o enfrontamento, deuse o 9 de xuño do 137, data que na que foi conmemorada en Roma, anos máis tarde, coa inauguración do recen construído templo adicado a Marte[69] .

Un dos propósitos, sen dubida do Cónsul D. Xunio Bruto nesta campaña, era a de enriquecerse, tanto el, como os seus soldados, saqueando para elo, as cidades da costa atlántica[70], pero as características destas guerras e a relativa pobreza da poboación tanto do centro da Península Ibérica como da Lusitania – e tamén da Gallaecia-, fixo que os botíns e tributos mais cobizados, foran as prendas utilizadas para

gardarse da dureza do clima; e os animais útiles para a campaña, como foron os cabalos. Así, temos que os habitantes de Intercatia, entregaron a Lúculo 10.000 capas[71], e os celtiberos a Pompeio 9.000 capas; 3.000 pelexos de boi e 800 cabalos[72] . De Bruto concretamente, sabemos que lles quitou os habitantes de Talabriga, os cabalos e o trigo[73].

A pesares da pobreza dos habitantes dos pobos da Lusitania, Bruto, durante esta campaña debeu de amasar unha importante fortuna, que lle permitiu entre outras cousas, mandar construír, a súa chegada a Roma, un templo adicado a Marte.

Esta campaña, maila supremacía militar dos romanos e do sometemento o que vontariamente se acollían, aliándose os romanos, algunhas poleis[74], foi bastante lenta, xa que moitas das cidades, despois da súa conquista, volvíanse a revelar outra vez. Entre elas, a propia Talabriga a que se refire Apiano[75].

O PASO DO LETHES



Paso do Lethes na Festa do Esquecemento

Continuando co seu avance cara o norte, Bruto chegara ata o Miño. Non sen antes atravesar o Río do Esquecemento, onde ten lugar o coñecido episodio do Lethes, no que nunha mostra de coraxe, arrebatándollelo estandarte o signifer[76], o procónsul Décimo pasou o río, e chamou os seus soldados dende a outra veira, amosándolles que non perdera a memoria, rachando así coa antiga superstición. Feito do que atopamos referencias en:

- Tito Livio: "Décimo Xunio Bruto someteu a Lusitania co a conquista das cidades hasta o océano, e non querendo (os seus soldados) pasar o río do Esquecemento, el mesmo pasou o estandarte arrebatándollelo o signífero e así convenceunos para que pasasen"[77].

- **No Papiro Oxyrhyncos:** "Sendo cónsules M. Aemilio e C. Hostilio Manciano, Décimo Xunio Bruto en Hispania, despois de unha victoriosa campaña, atravesóu doadamente o río do Esquecemento".

- **En Apiano:** "Mais desistiu (Bruto) de perseguilas (as bandas de bandidos que saqueaban a Lusitania) en aquela vasta rexión, comprendida entre os ríos Texo, Lethes, Douro e Betis, todos eles navegables (...) así chegou hata o río Lethes e foi o primeiro dos romanos que se propuxo atravesarlo"[78].

- En Plutarco: "Era este (Bruto) o que atacando a Lusitania, foi o primeiro en atravesar con un exército o Lethes"[79].

- **En Estrabón:** "Despois van outros ríos, e logo destes, o Lethes, que uns chaman Limia e outros Belión. E este río ven do país dos Celtíberos e Vacceos (...) este río foi o línde da expedición de Bruto"[80].

- **E tamén en Floro:** "Décimo Bruto, recorrida toda a costa do Océano como vencedor, un pouco máis alá dos Célticos e Lusitanos e dos pobos de toda Callaecia, e do río do Esquecemento, pánico dos soldados, non retirou os seus estandartes antes de descubrir, non sen certo medo e horror de sacrilexio, o sol que cae no mar e a lume saída do auga"[81].

A heroicidade do Proconsul, non pasou inadvertida para ninguén, Otero Pedrayo[82], dixo que "...O que inspiraba Galiza foi un medo sagro; unha inquedanza do alén, un terror relixioso. Deiquí a singularidade do trunfo de Décimo Xunio Bruto: un trunfo envolteito en totalas formas e ritos acostumados, mais, en esencia, a festa dun vencemento da morte (...).

Segundo V. A. Troncoso[83] Bruto sabía moi ben o que facía o empuñar un dos estandartes lexionarios, acaso a do primeiro manípulo das súas lexións, porque de esa maneira comprometía moral e relixiosamente os seus homes a atravesar a corrente tras del, con moita máis forza que con unha arenga ilustrada ou unha demostración das súas lembranzas.

Sabemos que case un século despois, cando Xulio César dirixía o primeiro ataque romano contra Britania, o achegarse a costa, atopouse con unha acollida bastante violenta dos indíxenas; os seus homes sentían medo de saltar a aquelas augas fondas e verse en fronte dos lanceiros británicos que lles agardaban na praia. Naquel comprometido trance foi o aquilifer da décima lexión o que se lanzou en primeiro lugar, berrándolles os seus compañeiros que, ou o seguían, ou non lles quedaría máis remedio que ver cómo as

aguas caían en maos do inimigo, diante do que, os lexionarios esqueceron os seus medos e se lanzaron a loita tras da enseña.

Tamén os Fastos Capitolinos nos confirman a celebración do seu triunfo, como procónsul dos Lusitanos e Galaicos no ano 617[84] da Fundación de Roma. "Décimo Xunio Bruto, fillo de Marco, neto de Marco, o que despois foi chamado Galaico. No ano 617, como procónsul, celebrou o triunfo sobre os lusitanos e galaicos». [85]

Por elo, podemos afirmar como xa fixera Cuevillas, que o ano 137 foi a data de entrada do pobo galaico nos anais da historia antiga, e na historiografía romana contemporánea[86], sendo a primeira mención de estas xentes.

Deducen, de estes relatos, particularmente do de Floro[87], algúns autores, que Bruto continuou ata chegar o Finisterre, aínda que probablemente, so chegaría ata a costa sul-occidental de Galicia, perto da desembocadura do Miño, onde se produxo o episodio que relata este autor: " ... non volvendo atrás hate que advertiu, non sen certo horror e temor de ter cometido un sacrilexio, que o sol caía no mar e o seus lumes se apagaban nas augas". Dende ese punto, daría a volta polo litoral, retirándose, vía Camiña e Viana do Castelo, ata Braga[88] para unha vez mais protexer a retagarda do seu exército fronte os ataques das tribos dos brácaros, que se acababan de apoderar dos depósitos de provisións e ameazaban a liña de comunicacións co as bases do Texo[89].

Pese a todo, a campaña de sometemento da que foron xuto os Lusitanos e Galaicos non supuxo a súa conquista permanentemente, xa que, ata moitos anos despois non tivo continuidade no tocante a sistemática presenza romana o norte do Texo, e habería aínda que agardar a época de Xulio Cesar primeiro, e de Augusto despois, para ser os galaicos conquistados definitivamente por Roma[90].

Dende Braga, -aínda que tamén puido ser polo Vouga, dende o actual Aveiro ou mesmo polo Mondego dende o que hoxe é Filgueira da Foz-, Décimo Xunio Bruto, deu por rematada a súa exitosa campaña. Dirixíndose dende alí, a Hispania Citerior, o ser chamado por Aemilius Lepidus Porcinus[91] cónsul, e probablemente o seu cuñado, para xuntarse a el, contra os Vacceos[92], onde sufriron unha soada derrota. Comezando a tomar, dende aquelas, o nome de " O Galaico", sendo, xa que logo, o primeiro home que de seu, se apelidou Galego. Deste xeito nárrano varias fontes, como Ovidio, cando di textualmente que: "Entonces Bruto tomou o alcume do inimigo Galaico e tinguíu de sangue a terra hispana"[93].

Finalmente, despois de ter axudado a Lepido, voltou a Roma no 136 a.Xto. celebrando, a súa chegada, os triunfos conqueridos fronte a Lusitanos e Galaicos con gran solemnidade e pompa.

Sen dúbida, a elo, axudou o suculento botín obtido en Hispania, servíndolle tamén este incremento do seu peculio persoal para erixir un templo consagrado a Marte, para o que o poeta L. Accius escribiu unhas versos[94].

Algunha vez mais escoltamos falar de Bruto: Atopámolo no 129 a. Xto. cando serviu sendo legado, baixo C. Sempronius Tuditanus contra os Japydes[95] en Illyria, onde, pola súa experiencia e habilidade militar, obtivo una grande vitoria para este cónsul, recuperando con ela, as perdas que tiveran o comezo desta campaña[96].

E xa pouco antes da súa morte, no 121 a. Xto., sabemos que Décimus Brutus Callaicus, deu o seu apoio, xunto con outros opositores, a Lucius Opimius[97] que encabezaba a represión contra os Gracos, sendo naquela ocasión, cando Caio Sempronio Graco e os seus seguidores uns 3000, despois de ser declarados inimigos públicos de Roma, foron asasinados cruelmente, curiosamente, tamén un 9 de Xunio.



Lápida conmemorativa da Fundación de Valencia

TERRA DE VALENTES

Co final das Guerras Lusitanas, todo o novo territorio conquistado o sur do Douro quedou como propiedade da república Romana e a súa poboación sometida o pago dun imposto regular do 5 por cento

polo uso da que antes era a súa terra. Entre as medidas particulares de Xunio Bruto atopase a intervención encamiñada a eliminar tensións sociais entre as poboacións indíxenas que se materializa, co reparto de terras e a fundación de dúas cidades: Brutobriga que Cecas se poida identificar co a Brutobria testemuñada por Esteban de Bizancio[98] “entre o Betis e a Turdetania”, e Valentia, a veira do mediterráneo.

Esta civitas, de localización incerta[99], testemuñada polas moedas que alí se acuñaron[100], para cuxa localización se especulan varios lugares na Bética, dende Trujillo ata Santarem; Aínda que a teoría que colle mais forza afirma, que estivo no Cerro Botija[101], perto de Villanueva de la Serena, na provincia de

Badaxoz. Neste castro, atopáronse a maior cantidade de moedas da ceca de brutobriga. Nada sabemos tampouco do estatus de esta cidade, pero o seu nome delata efectivamente, que fora fundada por Bruto Callaicus.

A outra cidade fundada por Bruto, foi Valentia, sobre a que se teñen feito varias propostas para a súa identificación, tan distintas como a de supor que era Valença do Miño, Valencia de Alcántara ou a Valencia da costa mediterránea. Coñecemos a noticia concreta da fundación que nos dá Tito Livio[102]: Iunus Brutus Cos. In Hispania iis qui sub Viriatho militauerant [o militaverunt] agros et oppidum dedit, quod uocatum est Valentia”, di textualmente, Xunio Bruto, a aqueles que loitaran con Viriato -ou en tempos de Viriato, segundo outra interpretación- deulles terras e unha cidade que foi denominada Valentia. O texto parece o suficientemente claro. Tan so haberá que resolver, por una banda, a que Valencia se refire, tendo alomenos tres posibles: Valença do Miño, Valencia de Alcantara ou a Valencia do Turia. E por outra, interpretar, ‘os que loitaron baixo as ordes de Viriato’ ou ‘os que loitaron nos tempos de Viriato’, segundo o matiz que queira dárselle a “sub Viriatho militaverant”.

O texto do historiador romano foi traducido polo doutor Esteve Forriol, en 1978, da seguinte maneira: “ O cónsul Xunio Bruto deu en Hispania terras e un lugar fortificado , que recibiu o nome de Valencia, os que militaran as ordenes de Viriato”[103], Na actualidade, segundo tódolos investigadores, o lugar non dá pé a dubidas de ningunha clase, Xunio Bruto, foi o fundador da Valencia do levante de España, fronte as costas do mediterráneo. Polo que se refire a segunda variable da ecuación, segundo tódolos indicios, déullela os lexionarios veteranos das guerras lusitanas, pero neste caso, caberá a interpretación de que fora para os que loitaron a carón de Viriato, e dicir para Lusitanos e Galaicos. Ou aínda cabería unha terceira, defendía por García Bellido[104], quen sostén que Bruto fundou Valentia, para os que loitaron en tempos de Viriato, e dicir nas guerras lusitanas, tanto Lexionarios Romanos, cidadáns de roma de pleno dereito, como para os Lusitanos que pasaron a engrosar as lexións de Bruto en corpos auxiliares, desenrolando a honesta misio, polo que temen recibirían a cidadanía romana. Teoría que o noso parecer sería a que mais se achegara o feito histórico da fundación de Valencia.



TEMPLO A MARTE

Templo a Marte de Brutus Callaicus

Como xa se mencionou, segundo Ovidio[105], Bruto celebra un triumphus no 133 a. Xto. -tres anos despois da súa chegada a Roma-, en cumprimento de unha promesa [106] e como agradecemento os deuses diante do templo que mandara construír nas proximidades do Circo Flaminio[107], polas súas vitorias fronte os Lusitanos e Galaicos. Posiblemente fora nesa ocasión cando o Senado romano lle da oficialmente o sobrenome de Callaicus[108] distinción que se facía moi raramente e so con aqueles xenerais que protagonizaran feitos heroicos, ou que obtiveran campañas vitoriosas excepcionais.[109]

Este templo, adicado a Mars Pater, foi construído en mármore, no campo de Marte, o sur do teatro de Pompeio[110] por encargo do propio Décimo, o arquitecto grego Hermódoros de Salamina[111]. A súa estrea foi un grande suceso por ser un dos primeiros que utilizaba, como material de construción o mármore, igual que fixera xa, apenas 10 anos antes, outro xeneral, Marco Cecilio, quen por primeira vez usou este material en roma, sendo tamén un grego o construtor do edificio.

No interior do edificio colocáronse dúas estatuas, unha de Marte e outra adicada a Deusa Venus que se representaba espida, ámbalas dúas do escultor, grego, Scopas[112].

E posible que estas estatuas as conseguira Brutus a traveso de algúns dos saqueadores de Grecia. Como xa se dixo, o templo tiña unha inscrición no vestíbulo, escrita polo poeta Luccius Acius[113].

A lugar onde se construíu o templo era unha zona, que tiña que ver co a actividade guerreira, onde se viñan celebrando varios rituais do ciclo marciano: O sacrificio do "cabalo de outono", equus october[114], e un suovetaurilium. No mesmo campo tiñan lugar tamén dúas festas moi importantes consagradas a Marte, as Equirria[115] e as Mamuralia. A paraxe escollida atopábase extramuros, no campo de Marte, un sitio chan a veira do Tíber, onde se levantaron outros templos e edificios para celebrar as vitorias obtidas polos xenerais romanos, entre eles, o mais significativo foi o mencionado Circo Flaminio.

Estes actos de celebración de triunfos, o pe dos templos, consistían nunha magna procesión, na que se amosaba o botín de guerra, obras de arte, e os vencidos, convertidos en prisioneiros uo escravos.

MECENAS DE LUCIUS ACCIUS ou ATTIUS

Décimo Bruto, aparte de un grande militar e político, foi tamén un home culto versado en diversas artes, entre elas sen dubida, a literatura foi unha das súas grandes paixóns. De esta afición, debeu de nacer o apadriñamento e mecenazgo do poeta Lucius Accius.

Accius, foi ademais de un literato erudito, un dos poetas trágicos romanos mais importantes, por non dicir o mais importante. Nacera en Pisaurum, en Umbria, no ano 170 a.Xto.

A data da súa morte, non se coñece con exactitude, aínda que debeu de vivir moitos anos e acontecer o redor do 86 a.Xto[116]. Cicerón[117] di que conversara con el sobre asuntos literarios.[118]. Os seus pais eran libertos[119], igual que os de Horacio, afirmando algúns autores, que a súa nai era de orixe Hispánico.

No tocante a súa obra literaria, foi un prolífico escritor e gozou de unha excelente reputación nos círculos culturais da súa época.[120] . Os títulos e fragmentos que se conservan compoñen o redor de 700 liñas de una cincuentena de obras escritas. A xulgar polos títulos e fragmentos coñecidos, os estudosos da súa obra, manteñen que a maior parte dos seus poemas foron de natureza trágica, a pesares de que Plinio o Xoven, colócao entre os poetas eróticos.[121]

Case que toda a súa obra poética, esta fortemente influenciada por los trágicos gregos, sobre todo de Esquilo. Atreo, o seu primeiro título, do que non se conserva nin unha soa liña, escribiuna probablemente no 140 a. Xto.[122] Escribiu tamén algunhas obras sobre temas romanos, unha das mais coñecidas e importantes, foi a titulada Brutus, que abordaba a tiranía do reinado de L. Tarquinius Suberbus, e a súa expulsión do tono de roma por Lucius Xunius Brutus. Esta obra, escribiuna probablemente, en honor do seu patrón D. Brutus Callaicus.[123]

Os temas favoritos de Accius, eran as lendas da guerra de Troia e a casa de Pelops.[124] aínda que so se coñecen algúns fragmentos deles, os mais importante conservados por Cicerón, parecen suficientes para xustificar os términos de admiración nos que Accius fala dos escritores da antigüidade. Accius, foi eloxiado particularmente, pola forza e o vigor da súa literatura, e pola sublimidade dos seus pensamentos,[125] e a pesares da grandilocuencia do seu estilo literario, en ocasións, foi obxeto des burlas sarcásticas de algúns dos seus compañeiros[126].

Accius escribiu tamén outras obras de carácter literario: Libri Didascalicon, que foi un tratado en verso sobre a historia de gregos e romanos-, sobre a poesía, e en particular, o arte dramático; Escribiu tamén

Libri Pragmaticon, Parerga e Praxidica, dos que non se conservan fragmentos, e un hexámetro Annales que contén a historia de Roma, semellante a que escribira Ennius.

Como gramático, tratou tamén de introducir innovacións na ortografía e na gramática latinas, centrando os seus esforzos en tentar cambiar o latín escrito para reproducir máis fielmente a súa pronunciación real. En esta causa contou con un bo número de seguidores, destacando especialmente Varrón, que dedicou a súa obra *De ambiguitate litterarum* a Accius[127]. Era un home conservador, aínda que mantivo a súa tendencia política nun segundo plano. Dise nembargante, que non agachaba as súas dotes literarias, a traveso das cales se facía respectar, sentíase orgulloso de ter acadado o seu elevado estatus social, partindo de unha orixe humilde grazas o seu propio esforzo e capacidade intelectual. Foi, xa que logo, e segundo algúns datos biográficos, un home arrogante,[128] e algúns escritores contemporáneos del, dicían ironicamente que el mesmo erixírase no templo das Musas[129]

Atribúeselle a Accius, a frase *oderint dum metuant*[130] "deixade que me odien, con tal de que me teman -ou tanto como me teman-[131], que máis tarde converteríase no famoso lema de do emperador Calígula.

Carlos Gómez S.

Xinzo de Limia Xuño 2008

Notas

[1] A "gens" foi unha institución da Antiga Roma que agrupaba a un conxunto de familias, o redor dun mesmo nomen, que en teoría indicaría a presenza dun devanceiro común a todas elas. A pertenza a unha determinada gens aparellaba unha serie de dereitos e obrigas en relación o resto dos membros. O deber de socorro mutuo, o dereito a posúe-las propiedades da gens, a ser sepultado no sitio común, ou a prohibición de contraer matrimonio cun membro da mesma gens.

[2] Brutus Lucius, Xunius (ou Brutus Lucius, Iunius) Foi un personaxe lendario, considerado tradicionalmente o fundador da república romana e un dos primeiros cónsules no 509 A.Xto. Foi, xa que logo, o primeiro devanceiro da familia dos Xunios na Roma antiga, incluídos Brutus Callaicus e Marco Xunios Brutus, un dos asasinados de Xulio Cesar.

[3] L. Xunios Brutus era curmán do sétimo e derradeiro rei romano da dinastía dos Tarquinos, Lucius Tarquinius.

[4] Dionys, v. 18, com. vi. 70; Dion Cass. Xliv, 12; Plut. Brut. 1.

[5] Plut. I. c.

[6] Rom. Hist. i. px. 522

[7] Liv. i. 56; Dionys. iv. 67, tradúcena por pliqioe; Nonius. iv 67

[8] Rom. Hist. i. px. 104

[9] Strab. vi. P. 225; Diod. xvi. 15; Gell. x. 3.

[10] Rom. Hist. i. páxs. 63, 98, 515.

[11] Dig. 1. tit 2. s. 39

[12] Manius Manilius, Marcus Xunius Brutus e Publius Mucius Scevola son os tres Xuristas considerados fundadores do Dereito Civil Romano

[13] Ciceron, Brutus, C. 28.

[14] Plut. Tib. GR. 21.2

[15] Plut. Tib. GR. 21.2; Ampelius, Liber Memorialis 19.4.

[16] Casada con Gaio Claudio Marcelo, no 125 a.Xto. e co que tivo a Gaio Claudio Marcelo Minor.

[17] Nicolas de Damasco, Hist. Unvers.

[18] Político e militar romano do final da República. Foi un dos líderes que planearon e executaron o asasinato de Xulio César nos idus de marzo do 44 a. Xto. Foi a este Brutus a quen Cesar lle dixo aquilo de "Et tu quoque (Brute), Fili mi? (E ti tamén, meu fillo). Non se debe de confundir con Décimo Xunio Bruto Albinus.

Este Bruto era fillo de Marco Xunio Bruto e Servilia Cepionis, media irma de Catón o Xoven, e amante de Xulio César. Algunhas fontes falan da posibilidade de que César fora o seu verdadeiro pai, aínda que non ten moito fundamento, pois César tiña quince anos cando naceu Bruto.

[19] Os irmas Tiberio, Sempronio Graco e Caio Sempronio Graco, da familia dos Gracos, foron os protagonistas políticos e militares dun período da historia de Roma que vai do ano 133 a.Xto. ate o 121 a. Xto. Eran fillos do xeneral e estadista Tiberio Sempronio Graco e de Cornelia, da familia dos Escipions.

Obtiveron durante este período o cargo de Tribunos da Plebe, dende esta maxistratura puideron confeccionar e propoñer una serie de leis que ían a favorecer a os plebeos urbanos, os itálicos, que non tiñan a cidadanía romana, e os cabaleiros (chamada orden ecuestre). Esta leis ían en detrimento da crase aristocrática, os chamados optimates palabra que significa "bo entre os bos", que constituían a maioría do Senado. Así pois organizáronse dous partidos con intereses económicos e políticos distintos: o chamado Partido dos populares, encabezado po-los irmáns Graco, e o Partido dos optimates, constituído po-la crase aristocrática, ou cidadáns das primeiras ordes.

Os optimates, aristocratas, reaccionaron violentamente diante das novas leis presentadas po-los populares a través dos irmáns Graco. No ano 121 despois de múltiples revoltas e enfrontamentos, o Senado autorizou o cónsul Lucio Opimio para que tomase medidas calesqueira, dentro ou fora da lei, para rematar coa política seguida por Caio Sempronio Graco. Como consecuencia, moitos dos seguidores de Caio foron asasinados e el mesmo suicidouse.

[20] Val. Máximo III 7. & 3.; Liv. Epit. 55; Cic. De leg. iii. 9

[21] Sempronio Graco, serviu no persoal do seu curmán e cuñado Scipio Aemilianus durante a campaña contra Numantia en Hispania.

[22] Do latín Práetor, era un maxistrado romano cuxa xerarquía alienábase inmediatamente por debaixo da de cónsul. Tiñan as funcións de Xuíz menor.

[23] Xogos en honor de Apolo, instituídos no ano 212 a.Xto., que se celebraban entre o 6 e o 12 de Xuño.

[24] Ostentaban o cargo de Cónsules os maxistrados romanos e os membros da maxistratura, creada para substituir a monarquía o fronte do Estado. Cada ano elixíanse dous cónsules. Tiñan amplos poderes aínda que no decorrer dos séculos fóronos perdendo o crearse outras maxistraturas para administrar o poder da República. O dous cónsules electos, levaban unha escolta de 12 lictores (unha mestura entre garda persoal e "garda as costas"), pero só durante o ano que lles correspondía. Os símbolos externos da súa autoridade consistían nos fascas que portaban os lictores e nun cetro de marfil (scipio eburneus) coa imaxe dun aguia no alto. A vestidura civil ordinaria era a toga e a túnica co laticlave (latus clavus) ou banda púrpura. En ocasións especiais levaban a toga bordada (toga picta). Na guerra levaban lorica (coraza), paldamentum (capa por riba da coraza) e parazonium (espada corta), como calquera soldado.

[25] Publio Cornelio Escipión Nasica Serapio, fillo de P. Cornelio Escipión N. Corculum, Foi un militar e político romano da época Republicana. Sucedeu o seu pai como Pontífice máximo no 141 a. Xto. Obtivo o

cargo de cónsul da Hispania citerior no 138 a. Xto. que compartiu con Brutus Gallaicus da ulterior. Foi inimigo persoal de Tiberio Sempronio Graco, dirixindo a oposición a súa política agraria.

[26] O finalizar o mandato dun cónsul soia ser habitual que o Senado romano lle asignase a tarefa de gobernar durante un tempo unha provincia. En ese caso recibía o cargo de procónsul, baixo o cal tiña imperium e mando sobre dito territorio. O Proconsul (ou pretor), era unha Maxistratura romana creada, xa que logo, para a administración provincial por delegación dos cónsules que eran dous.

[27] Os Augures eran sacerdotes de alto rango, que practicaba oficialmente a adiviñación. Era un cargo oficial, aínda que tamén había augures particulares. Só os maxistrados podían consultar os augures oficiais, en recintos especiais. O cargo oficial era vitalicio, compatible con maxistraturas e con outros cargos sacerdotais. Había dous crases de augures: os que pedían os deuses a manifestación da súa vontade con distintos rituais. E, os que descifraban os signos da vontade dos deuses, manifestada sen previa solicitude. Estes foron os máis importantes, ate o punto de que con so declarar que os auspicios eran desfavorables, podían anular asembleas, eleccións ou mesmo calquera resolución dos maxistrados. Co a República, o primeiro eran elixidos por captación no Colexio, pero logo foron elixidos po-lo pobo.

[28] Apian. Iber. Lib. 70

[29] L. P. Vilatela , Lusitania: Historia y etnología, px 218, R. Acad. de la Hist. 2000

[30] Veleyo Peterculo, II, 5; Placido, 1988 px 251 s.

[31] Flor. I, 33, 12; A. Balboa S , Lethes nº 1, O Río Lethes: Entre o Mito e a Historia; Rose 1970 p 93, 102

[32] Artemidoro en Strb. Iii, 1, 5 ,138

[33] Floro i, 33, 12; v, 2 , 4.3

[34] L. P. Vilatela , Lusitania: Historia y etnología, px 218, R. Acad. de la Hist. 2000

[35] Murguia, 1866, II px. 333. Rodriguez Colmenero, 1979, px 214n, 179b

[36] Rodriguez Colmenero, 1979, px 214n, 179b

[37] A.H. epgr. 1-3 (950-1952 nº 364)

[38] Blazquez, 1962 px 59; Albertos 1975 px. 57 nº 21

[39] N. Santos. El ejército y la romanización de Gallaecia, Oviedo. 1988. px. 29.

[40] Estrab. III, 3,1 e III, 3, 4

[41] Apian. Iber. 71-72

[42] T. Liv. per. 55 e 56

[43] Oros. Hist. contra pag. V, 5, 12

[44] T. Temporum, O1. 159. 4

[45] Strateg. iv. i. 20

[46] ,H. N. iv. 35. 133

[47] Apian. Iber. 71-72

[48] Apian. Iber. Lib. 73

[49] Sen dubida referíndose o Miño.

[50] L. P. Vilatela . Lusitania: Historia y etnología, px 218, R. Acad. de la Hist. 2000

[51] Actual Lisboa

[52] Estrabo iii , 52.

[53] Este dato que menciona Estrabon ten unha grande significación, no tocante a que ven a reafirmar que a campaña de Décimo, desenrolouse polo interior da Lusitania, dando pe xa que logo, a teoría de que o río do esquecemento atravesouno lonxe da súa desembocadura, no curso alto do río. Polas terras dos Limici.

[54] Estrab iii, 3.1, 52

[55] Vicente Risco. "historia de Galicia". 1951; Catalogo da Exposición "Cántabros, Astures e Galaicos. Bimilenario de la conquista del norte de Hispania" 1981; Estefania Alvarez. "Vías Romanas de Galicia". 1960; "La Romanización de Galicia" Cuadernos de estudios cerámicos de Sargadelos Nº 16; Claudio Sanchez Albornoz. "El reino de Asturias. Origenes de la nacion Española". 1972; J.M. Luzon Nogue y otros "El Caurel". 1980.

A. Rodríguez Colmenero, La investigación de la flota romana en la conquista de Gallaecia.

V. Alonso Troncoso (coord.), *Guerras, exploraciones y navegación. Del mundo antiguo a la edad moderna*, La Coruña, 1995.

[56] Estrab. iii, 52.

[57] App. Ib, 73-74.

[58] Cicerón, I, 38

[59] Apiano, Iber 67 – 69; Lucillo 288

[60] Apiano, Iber 67-69; Val. Max. 2, 6, 11

[61] Silio Itál. 3, 346

[62] Livio 34, 20; Frontino, 3.10, 1

[63] Livio 23, 26; 24, 21; 25, 33; 31, 49, 7; 34, 20; 39, 31; 40, 33; 40,

39; 40, 18, 6; Silio Itál. 5, 335-340

[64] Val. Max Lib. 6. cap. 4. Cum se ei tota pené, Lusitania dedidisset , ac sola gentis ejus urbs Cinninia pertinaciter arma retineret, tentata redemptione propemodum uno ore Legatis Bruti respondit: Ferrum sibi à majoribus, quo urbem tuerenrur, non aurum quo libertatem ab Imperatore avaro emerent, relictum.

[65] Orosio, Adv px., V, 5, 12

[66] C. Torres Rodríguez, *La Galicia romana*.

[67] A. Tranoy. *La Galice romaine Recherches sur le nord-ouest de la péninsule ibérique ´ dans L'antiquité*. Paris, 198

[68] Ap., Ib., 74

[69] Ovidio, Fastos, VI, 461.

[70] App. Ib. 73.

[71] App. Ib. 54

[72] Diod. 33, 18

[73] App. Ib. 75

[74] Appian. Ib, 72.

[75] Apian. Iber. Lib 73 "Entre outras cidades que se rebelaran foi Talábriga a que mais veces o fixo. Brutus, voltando alí, os habitantes da cidade pediranlle clemencia e confíarase ao seu arbitrio. En primeiro lugar mandou que lle entregasen os tránsfugas dos romanos, os prisioneiros e todas as armas, ademais dos reféns; despois ordenou que saísen da cidade con mulleres e fillos. Logo que acabaran de facelo, cercounos de tropas e arengounos, dicíndolles que cantas veces se rebelasen, tantas veces mais violentamente a guerra lles sería feita. Amedrentados e convencidos de que mais duramente se vingaría deles, Brutus calmouse contentándose só con estas recriminacións. Tomoulles os cavalos, víveres, diñeiro público e mais apértechos bélicos, restituíndolles despois a cidade, o que eles xa non esperaban. Despois de tantos feitos, Brutus voltou a Roma"

[76] Polibio (VI, 24, 6). escribía sobre o exército romano, en datas non lonxanas os feitos que nos ocupan, só os máis recios e valorosos entre os lexionarios resultaban elixidos para o honroso cometido de signífero, dous por cada manípulo seleccionados polo centurión correspondente Algúns de estes estandartes eran moi sinxelos, outros levaban algunha condecoración gañada pola lexión ou, despois da República, o signo do zodíaco do emperador que a fundara. A enseña era sagrada, ou o que e o mesmo, tiña poderes máxicos.

[77] Tito Livio Ab Urbe Condita, per 55.

[78] Apiano, Iberia, 73-74.

[79] Plutarco Cuestiones romanas, 34.

[80] Estrabon, Xeografía. III, 3, 4

[81] Floro, Epítome de Tito Livio, I, 33, 12.

[82] Otero Pedrayo, 1962

[83] V. Alonso Troncoso (coord.), Guerras, exploraciones y navegación. Del mundo antiguo a le, edad moderna, La Coruña, 1995

[84] 137 a. Xto.

[85] Vid. 107 e 107

[86] L. Cuevillas, Cómo Galicia, entró en la historia. BRAG. 25, 1955. px.. 19-30.

[87] Floro, 1, 33, 12.

[88] A. Rodríguez Colmenero, La investigación de la flota romana en la conquista de Gallaecia.

V. Alonso Troncoso (coord.), Guerras, exploraciones y navegación. Del mundo antiguo a la edad moderna, La Coruña, 1995.

[89] Ap., Ib., 74

[90] V. A. Troncoso, Los Primeras etapas en la conquista romana de Gallaecia "os cen anos seguintes (do 133 o 29 a.Xto.), po la contra, non viron ampliacións territoriais en forma sustanciais o dominio provincial romano (as dúas Hispanias, a Citerior e a Ulterior), unha clara desaceleración da ofensiva militar itálica que debe poñerse en relación co a crises da República e as guerras civís.

[91] Appian, Ib. 80

[92] Situavanse na meseta norte, a sua capital estaria en Pallantia (Palencia), tendo outras cidades como, Cauca (Coca), Ocelodurum (Zamora), Septimania (Simancas) y Salmantica.

[93] Ovid. Fastos, VI, 461-462.

[94] Cic. Pro. arch. 1 1; Plin. xxxvi. 4. & 5. & 7.; Val. Máximo viii. 14. & 2

[95] Theodor Mommsen, The History of Rome, Book III. Chapter V: No ano (625) o cónsul Tuditanus co a axuda de Brutus Callaicus, o conquistador dos Callaeci na Hispania, humillou os Japydes, e, despois de ser derrotados nun primeiro momento, levou longamente as armas romanas ata o corazón de Dalmacia chegando o río Kerka, a 115 millas de Aquileia; O Japydes aparece a partir de entón como nación en paz e aliados amistosos de Roma.

[96] Liv. Epit. 59.

[97] Cónsul no 121, Foi o asasino de Cayo Sempronio Graco, e artífice de unha das maiores represións contra os seus simpatizantes e seguidores, Calculase que foron asasinados 3000 deles

[98] Schulten, 1937, p. 140. Le Roux, 1982, p. 36-37

[99] H. Galsterer, op. cit, p. 15

[100] A. Vives 111, 1071

[101] Villaronga (1994, p. 401)

[102] Liv. Periochae, LV,35

[103] Tradución que desenrolou e xustificou a través do estudo máis concienzudo que nunca se fixera sobre a fundación da cidade do Turia. Xustificando filolóxicamente, histórica, xurídica e arqueoloxicamente a súa toma de posición, o doutor Esteve Forriol recoñeceu que a Valentia de Tito Livio e, a Valentia Edetanorum, fundada por, e en tempos, do Cónsul Xunio Bruto; E se lle deu os soldados que loitaron as ordes de Viriato, e dicir as hostes lusitanas (e galaicas) e non os soldados romanos; Que o lugar concedido, comprendía unha fortaleza preexistente -oppidum- e os campos correspondentes ager, oppidum sen relación co a Tyris de Avieno, e que o termo "sub Viriatho militaverant (militaverunt)" continua sendo cuestionado, centrado entre si foron guerreiros lusitanos ou lexionarios romanos, no que intervén tamén a interpretación dos termos epigráficos "veterani" e "veteres", como antigos poboadores uns e posteriores outros, convivindo despois.

[104] A. Garcia y Bellido, Valencia Colonia Romana, Boletín da Real Academia da Historia, 169, 1972

[105] Fastos, VI, 461

[106] Dando por cumprido o voto que fixera a Marte, de construírle ex manubiisun, un Templo, si lle daba vitorias e Gloria.

[107] O circo Flaminio foi fundado no ano 221 a.Xto. sendo o segundo en importancia en Roma. En este circo celebrábanse os famosos xogos plebeos, instaurados para celebrar o acordo entre patricios e plebeos. Ademais desfilaron neste circo as lexións romanas amosando os trofeos de guerra.

[108] Lucius Ampelius, Liber Memoriales, QVI MAGNIS REBUS GESTIS COGNOMINATI SVNT> [QVI PRO ROMANIS GENTES SVPERAVERVNT] Scipio Africanus, Scipio Numantinus, Scipio Asiaticus, Mummius Achaicus, Servilius Isauricus, Brutus Callaecius, Paulus Macedonicus, Metellus Creticus, Caesar Germanus, Caesar Dacicus.

[109] Lucius Ampelius, Liber Memoriales, ROMANI QVI IN TOGA FVERVNT ILLVSTRES, Décimus Brutus Callaecius qui Gracchum generum agraris legibus i ptatum turbantem cum Opimio consule oppressit.

[110] Algúns investigadores sitúano, nos restos de mármore que existen aínda baixo de S. Nicola ai Cesarini

[111] Nepos, ap. Priscilian. 8, 17.

[112] Plinio, 36, C. 26

[113] Val. Máximo viii.14.2

[114] October equus era o cabalo inmolado tódolos anos no mes de outono no campo de Marte. Era o que ocupa a dereita dos dous cabalos xunguidos o carro do vencedor na competición. Despois da carreira, seguía unha dura loita pola posesión da cabeza de este cabalo entre os habitantes de a Suburra a da Vía Sacra, para colocala na parede da Regia, e aqueles na torre Mamilia. A cola do mesmo cabalo era levada a Regia, cando aínda pingaba sangue sobre o ara, para participar no sacrificio. Dise que o cabalo inmolábase a Marte como deus da guerra. (Sabino P. Yébenes Universidade de Murcia: El culto a Mars Pater. La filiación mítica del guerreiro romano)

[115] As Equirria consistían esencialmente nas carreiras de cabalos –equirria abequeorum cursu, di Varrón (Varr. L.L. VI, 13), sen xinetes, o ar libre, o longo largo do campus Martii

[116] Jocelyn, HD (1996), "Accius, Lucio", en Hornblower, Simon, Oxford Classical Dictionary, vol. 1, Oxford: Oxford University Press, pp. 3

[117] Naceu no 106 a.Xto, xa que logo sería, 64 anos mais novo.

[118] Cicerón, Brutus, 28

[119] Escravos que obtiveran a cidadanía Romana.

[120] Horacio, Epístolas, II.I, 56; Cicerón, Pro Plancio, 24

[121] Plinio o Xoven, Epistulae 5,6

[122] Cicero, Brutus 229

[123] Cicerón, De Legibus. II.21, Pro Archia Poeta. 11

[124] "Accius, Lucio". Encyclopædia Britannica Undécima Edición 1. (1911).

[125] Cicero pro Plancio 24, pro Sestio 56, & c.; Horace Epodes ii.1.56; Quintiliano X.1. § 97; Aulo Gelio xiii. 2.

Smith, William (1867). "Accius, Lucio". Diccionario de griego y romano Biografía y Mitología 1. 6.

[126] Porph. Hor. SERM. 1.10.53

[127] Varro, De lingua latina 10,70

[128] Rhetorica ad Herennium 1,24

[129] Plinio o Vello, Historia Nat. 34,19

[130] Suetonio, Calígula 30, 1 Suetonio, Tiberio, 59, 2

[131] Anecdóticamente, o Futbolista David Beckan, mandou que lle fora tatuada nun dos seus brazos, co significado en plural: Non importa que nos odien, sempre que nos teman